Debate co alumnado: A proposta de ideas por parte do alumnado, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno/a.

Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións publicas ao longo do curso

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

PROBA DE AULA (EXAMEN TRIMESTRAL (30%))	AUDICIÓN (30%)	TRABALLO SEMANAL (40%)
--	-----------------------	-------------------------------

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:



PROBA DE AULA (EXAME TRIMESTRAL) (30%)	AUDICIÓN (30%)	TRABALLO SEMANAL (40%)
TÉCNICA 50%	TÉCNICA 30%	CLASE 50%
MUSICALIDADE 50%	MUSICALIDADE 30%	ESTUDO SEMANAL 30%
	PREPARACIÓN 30%	MATERIAL 20%
	POSTA EN ESCENA 10%	

Proba de aula (exame trimestral): realizarase antes da avaliación, na súa hora de clase, e consistirá en:

- 1 exercicio de flexibilidade dos traballados ata o momento.
- 1 escala das traballadas ata o momento.
- 2 estudos dos traballados ata o momento.
- A obra traballada ata o momento.

E se avaliará da seguinte maneira os seguintes parámetros:

Técnica 50%: respiración (10%), embocadura/vibración (10%), dicitación (10%), calidade do son e rexistro (10%) e afinación (10%).

Musicalidade 50%: Interpretación (20%), estilo (10%), fraseo (10%), coherencia estilística (10%).

AUDICIÓN: as audicións se avaliarán seguindo estes parámetros

Técnica (30%): respiracións, embocadura/vibración, dicitación, calidade do son e rexistro e afinación.

Musicalidade (30%): Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística, dinámicas.

Preparación (30%): Ensaio co pianista.

Posta en escena (10%): vestimenta adecuada para unha audición, saúde, boa posición corporal.

TRABALLO SEMANAL: Consistirá en reflectir no caderno do profesor o realizado na súa clase semanal, e se avaliará seguindo estes parámetros:

Clase (50%): exercicios de flexibilidade, escalas, estudos e obra

Estudo semanal (30%): estudo realizado na casa durante a semana. Flexibilidade, escala, estudos e obra.

Material (20%): O alumno/a ten que traer todo o necesario para a realización da clase. A



boquilla, Instrumento, libros, partituras.

No caso de que algún alumno/a, e só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores (proba de aula, audición e traballo semanal), dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado promocionará na materia en tanto cumpra co 100% de cada un dos contidos esixidos no curso, pero previamente á proposta ao/a alumno/a de dita ampliación, terán que estar de acordo nela todo ó profesorado das demais materias do curso.

Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
- Asistencia as clases de reforzo.
- Os obxectivos non superados no trimestre anterior serán reforzados cun plan individualizado proposto polo docente.
- Énfase dos logros aprendidos, e aplicación práctica no estudio diario.

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que non poda ser avaliado por ter un rendemento baixo que impida ó docente unha correcta avaliación do mesmo realizará unha proba na que terá que demostrar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do discente.

A proba consistirá en:

- 1 exercicio de flexibilidade dos traballados no curso.
- 1 escala das traballadas no curso.
- 2 estudos dos traballados no curso.
- A obra traballada no curso.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos: 50%: respiración (10%), embocadura/vibración (10%), dixitación (10%),



calidade do son e rexistro (10%) e afinación (10%).

Aspectos expresivos: 50%: Interpretación (20%), estilo (10%), fraseo (10%), coherencia estilística 10%).

Probas extraordinarias de xuño

Grao Profesional

No caso de que algún discente non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, dentro de cada un dos cursos que conforman o grao profesional na especialidade de trompa, deberá afrontar unha proba en Xuño coa fin de amosar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

Esta proba terá carácter práctico e desenvolverase do seguinte xeito:

O alumnado deberá interpretar:

- Unha escala
- Dous estudos
- Unha obra do repertorio orientativo para o curso
- Un estudo ou solo de orquestra seleccionado polo docente de nivel axeitado, que executará a primeira vista, para a que disporá dun tempo de 5 minutos, de preparación.

En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para o alumnado de 1º, 2º e 3º de grao profesional, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de 4º, 5º e 6º de grao profesional.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos: 50%: respiración (10%), embocadura/vibración (10%), dicitación (10%), calidade do son e rexistro (10%) e afinación (10%).

Aspectos estéticos: 50%: Interpretación (20%), estilo (10%), fraseo (10%), coherencia estilística 10%).

* Non será obrigatorio traer pianista acompañante para a interpretación das obras ou pezas que o requiran.

RECURSOS DIDÁCTICOS

EXERCIZOS DE TÉCNICA XERAL:

- Tódalas escalas maiores e as menores a dúas oitavas, cos seus arpejos, en diferentes



articulacións e tempos.

- Intervalos de 6º a 10º maiores e menores, ligado e picado., a traballar de memoria e coa axuda de libros como o Lucien Thevet ou exercicios propostos polo profesor.
- Estudo do rexistro grave a través de cromatismos entre o re1 e o Do3, coa trompa en Fa, e axudándonos da sordina bouché para o afianzamento dos músculos faciais.
- Traballo dos trinos de labio nun rexistro comprendido entre o mi e o do.
- Exercicios de transporte para trompa en Todas as tonalidades de xeito xeral, e de forma puntual a todas as tonalidades.
- Traballo con exercicios propostos polo docente, e escollidos nos libros Tecnicor, de Daniel Bourgue (flexibilidade, staccatto, sincronismo e articulación).
- Escalas cromáticas a 3 oitavas comezando en calquera nota.

MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do discente, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Techni-cor, volumen I, 2, 3, 4: D. Bourgue.
- Maxime Alphonse: III e IV
- Estudios de Kopprasch: 33-41
- 40 estudios de Klig.
- Lucien Thevet Vol 2: Escalas

OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre)

- Sonata nº 1..... Beethoven
- Concierto F. Strauss
- Concerto nº 2 Mozart
- Concierto nº1 R. Strauss
- Fantasia (horn solo) M Arnold
- Laudatio B. Krol
- BAch suites cello Arr D. Bourgue
- Concertpiece saint- Saëns



REPERTORIO ORQUESTRAL

Ademais dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostas polo/a profesor/a, e extraídas de libros tales coma: orchester probespiel, horn repertoire, unbrigded (thompson edition)..

2.10. Curso: 6º de GP.

Obxectivos

- Mellorar progresivamente a técnica e a sonoridade da trompa dentro do nivel esixido neste ciclo.
- Aplicar progresivamente os coñecementos musicais adquiridos para unha correcta interpretación instrumental.
- Interpretar obras de diversas épocas e estilos cunha dificultade progresiva e adecuada ao nivel.
- Participar en actividades musicais de conxunto, con grupos e formacións variadas que se poidan formar.
- Coñecer progresivamente os criterios interpretativos do propio instrumento en cada periodo musical, aplicándoos ao estudo do repertorio proposto.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento, así como un bo uso da memoria á hora de interpretar.

Contidos

- Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son.
- Utilización da memoria musical na interpretación de obras, estudos e técnica, así como no estudo diario.
- Perfeccionamento da lectura a primeira vista.
- Perfeccionamento progresivo da velocidade co instrumento no rexistro esixido neste ciclo (Fa pedal- Do agudo).
- Estudo da ornamentación con estudos e obras axeitadas, con especial atención ós trinos e grupetos, e a súa boa entoación e articulación.
- Coñecemento progresivo do repertorio trompístico solista con obras axeitadas para este ciclo, e audicións comentadas de diferentes versións da mesma obra.



- Iniciación ó estudio do dobre e triplo picado, e o seu bo uso.
- Perfeccionamento no fraseo musical nas obras e estudos coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, cor sonoro, carácter, etc... e concienciando ó discente da adquisición dun criterio persoal diferenciado dun criterio global de calidade.
- Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Traballo de exercicios sobre cifrado americano, exercicios de improvisación libre e exercicios de imitación que permitan desenvolver as capacidades para improvisar co instrumento.
- Traballo do transporte en todas as tonalidades.

Avaliación

O docente avaliará aos seus discentes tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o docente valorará de forma constante o progreso do alumnado ao longo de todo o curso, así como nas probas e/ou audicións realizadas.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso. Así podemos recoller tres tipos de avaliación:

- Avaliación inicial: realizada na primeira clase do curso
- Avaliación continua: permite observar a evolución do discente.
- Avaliación puntual: realizada mediante probas que sirven para avaliar determinados elementos puntuais na evolución do discente. Tentarase dentro das posibilidades organizativas do centro agrupar ó alumnado por cursos e que estean presentes todos os docentes da materia co propósito de mellorar a homoxeneización dos criterios de avaliación e nivel educativo.

Criterios de avaliación



- Demostrar unha búsqueda de excelencia interpretativa, de calidade sonora, de mellora na entonación e de adecuación co acompañamento ou na práctica grupal.
- Amosar profundización no estudo e/ou interpretación de polo menos unha obra cada trimestre.
- Amosar concienciación na utilización dun esforzo muscular, dunha respiración e dunha relaxación propias dunha correcta postura adecuados ás exixencias da execución instrumentais.
- Mostrar madurez na toma de decisións interpretativas.
- Demostrar soltura no uso das tonalidades e intervalos propostos para este ciclo de memoria.
- Usar a memoria na interpretación de obras, estudos e técnica.
- Demostrar dunha correcta adquisición do transporte a trompa en mib e re tanto nos estudos como nas obras.
- Amosar dominio do instrumento durante a interpretación de polo menos 1 obra en audición pública ó longo do curso académico co correspondente acompañamento de piano.
- Amosar comprensión formal, precisión na interpretación das grafías e naturalidade na lectura a primeira vista de textos musicais.
- Presentar traballo diario semanal amosado cun nivel de estudio aceptable.
- Colaborar á hora de representar a aula de trompa a través de concertos e audicións tanto na interpretación individual como de conxunto.

Os criterios de avaliación utilizaranse para observar a adquisición dos obxectivos que están programados para cada curso. Deste xeito, e atendendo á individualidade destas ensinanzas, así como á progresión única de cada alumno/a, os contidos reflexados nesta programación adecuaranse ó alumnado de forma personalizada, e os criterios de avaliación servirannos aos docentes para medir durante todo o curso o grao de adquisición dos obxectivos.

Polo tanto, estando o curso dividido por tres trimestres, o grao de adquisición ten que ser sumativo, polo que non se poden dividir os criterios de avaliación, senón que se teñen que ir sumando de forma gradual ata que no terceiro trimestre, e tal e como manda unha avaliación continua, se avalíe de forma conxunta todos os obxectivos acadados e os que



non o están.

Mínimos esixibles

- Escalas e articulacións do Método completo de L. Thevet, vol 2.
- Transporte en todas as tonalidades
- Método de M. Alphonse Vol IV: 2, 7, 8, 12, 14, 16, 20.
- Kopprasch 60 estudos: estudos 41-60
- 40 Estudos de Kling: 29, 30, 33, 39, 40
- Concertpiece de Saint-Saëns
- Villanelle de P. Dukas
- Laudatio de B. Krol

Interpretar polo menos unha escala, dous estudos, un estudo en Mib e Re e unha obra.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación directa: Método de gran utilidade polo carácter práctico da propia materia.

Gravación audiovisual de audicións en público: A súa visualización permitirá ao profesado unha avaliación de conxunto e tamén posibilitará separar distintos aspectos de forma independente. Este método ten utilidade para que o/a alumno/a emita unha auto avaliación tras a visualización conxunta co/a profesor/a.

Debate co alumnado: A proposta de ideas por parte do alumnado, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno/a.

Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións publicas ao longo do curso

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

PROBA DE AULA (EXAMEN TRIMESTRAL (30%))	AUDICIÓN (30%)	TRABALLO SEMANAL (40%)
--	-----------------------	-------------------------------



Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

PROBA DE AULA (EXAME TRIMESTRAL) (30%)	AUDICIÓN (30%)	TRABALLO SEMANAL (40%)
TÉCNICA 50%	TÉCNICA 30%	CLASE 50%
MUSICALIDADE 50%	MUSICALIDADE 30%	ESTUDO SEMANAL 30%
	PREPARACIÓN 30%	MATERIAL 20%
	POSTA EN ESCENA 10%	

Proba de aula (exame trimestral): realizarase antes da avaliación, na súa hora de clase, e consistirá en:

- 1 exercicio de flexibilidade dos traballados ata o momento.
- 1 escala das traballadas ata o momento.
- 2 estudos dos traballados ata o momento.
- A obra traballada ata o momento.

E se avaliará da seguinte os seguintes parámetros:

Técnica 50%: respiración (10%), embocadura/vibración (10%), dixitación (10%), calidade do son e rexistro (10%) e afinación (10%).

Musicalidade 50%: Interpretación (20%), estilo (10%), fraseo (10%), coherencia estilística (10%).

AUDICIÓN: as audicións se avaliarán seguindo estes parámetros

Técnica (30%): respiracións, embocadura/vibración, dixitación, calidade do son e rexistro e afinación.

Musicalidade (30%): Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística, dinámicas.

Preparación (30%): Ensaio co pianista.

Posta en escena (10%): vestimenta adecuada para unha audición, saúdo, boa posición corporal.

TRABALLO SEMANAL: Consistirá en reflectir no caderno do profesor o realizado na súa clase semanal, e se avaliará seguindo estes parámetros:

Clase (50%): exercicios de flexibilidade, escalas, estudos e obra

Estudo semanal (30%): estudo realizado na casa durante a semana. Flexibilidade, escala, estudos e obra.



Material (20%): O alumno/a ten que traer todo o necesario para a realización da clase. A boquilla, Instrumento, libros, partituras.

No caso de que algún alumno/a, e só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores (proba de aula, audición e traballo semanal), dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado promocionará na materia en tanto cumpra co 100% de cada un dos contidos esixidos no curso, pero previamente á proposta ao/a alumno/a de dita ampliación, terán que estar de acordo nela todo ó profesorado das demais materias do curso.

Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
- Asistencia as clases de reforzo.
- Os obxectivos non superados no trimestre anterior serán reforzados cun plan individualizado proposto polo docente.
- Énfase dos logros aprendidos, e aplicación práctica no estudio diario.

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que non poda ser avaliado por ter un rendemento baixo que impida ó docente unha correcta avaliación do mesmo realizará unha proba na que terá que demostrar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do discente.

A proba consistirá en:

- 1 exercicio de flexibilidade dos traballados no curso.
- 1 escala das traballadas no curso.
- 2 estudos dos traballados no curso.
- A obra traballada no curso.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:



Aspectos técnicos: 50%: respiración (10%), embocadura/vibración (10%), dixitación (10%), calidade do son e rexistro (10%) e afinación (10%).

Aspectos expresivos: 50%: Interpretación (20%), estilo (10%), fraseo (10%), coherencia estilística 10%).

Probas extraordinarias de xuño

Grao Profesional

No caso de que algún discente non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, dentro de cada un dos cursos que conforman o grao profesional na especialidade de trompa, deberá afrontar unha proba en Xuño coa fin de amosar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

Esta proba terá carácter práctico e desenvolverase do seguinte xeito:

O alumnado deberá interpretar:

- Unha escala
- Dous estudos
- Unha obra do repertorio orientativo para o curso
- Un estudo ou solo de orquestra seleccionado polo docente de nivel axeitado, que executará a primeira vista, para a que disporá dun tempo de 5 minutos, de preparación.

En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para o alumnado de 1º, 2º e 3º de grao profesional, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de 4º, 5º e 6º de grao profesional.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos: 50%: respiración (10%), embocadura/vibración (10%), dixitación (10%), calidade do son e rexistro (10%) e afinación (10%).

Aspectos estéticos: 50%: Interpretación (20%), estilo (10%), fraseo (10%), coherencia estilística 10%).

* Non será obrigatorio traer pianista acompañante para a interpretación das obras ou pezas que o requiran.

RECURSOS DIDÁCTICOS

EXERCIZOS DE TÉCNICA XERAL:



- Tódalas escalas maiores e as menores hasta 4 alteracións a dúas oitavas, cos seus arpexos, en diferentes articulacións e tempos.
- Intervalos de 6º a 11º maiores e menores, ligado e picado., a traballar de memoria e coa axuda de libros como o Lucien Thevet ou exercicios propostos polo profesor.
- Estudo do rexistro grave a través de cromatismos entre o Fa1 e o Do3, coa trompa en Fa, e axudándonos da sordina bouché para o afianzamento dos músculos faciais.
- Traballo dos trinos de labio nun rexistro comprendido entre o mi e o do.
- Exercicios de transporte en todas a tonalidades de xeito xeral, e de forma puntual a todas as tonalidades.
- Traballo con exercicios propostos polo docente, e escollidos nos libros Tecnicor, de Daniel Bourgue (flexibilidade, staccatto, sincronismo e articulación).
- Escalas cromáticas a 3 oitavas comezando en calquera nota.

MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do discente, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Techni-cor, volumen I, 2, 3, 4: D. Bourgue.
- Maxime Alphonse: IV volumen
- Lucien Thevet Vol 2: Escalas
- C. Kopprasch. (estudos 41-60 incluídos).
- 40 Estudios de Kling: 26 a 40

OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre)

- VillanelleP. Dukas.
- Concertpiece Saint-Saëns
- Concierto nº1..... R. Strauss
- Concierto nº2 M. Arnold
- Concierto A Blanquer
- Bach suites cello Arr. D. Bourgue
- Concerto nº 2 y nº 4 Mozart
- Laudatio B. Krol



REPERTORIO ORQUESTRAL

Ademais dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostas polo/a profesor/a, e extraídas de libros tales coma: orchester probenspiel, horn repertoire, unbrigded (thompson edition)..

Metodoloxía

En canto á metodoloxía a empregar, teremos en conta os seguintes aspectos:

– **Organización do tempo e do espazo.**

Estes aspectos veñen definidos por as características físicas do edificio, e por os horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

– **Educación en valores**

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

– **Fomento da lectura**

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que o alumnado teña acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso á diversa literatura especializada sobre a materia.

– **Funcionalidade dos contidos**

O tratamento dos contidos desta Programación fundaméntase nas seguintes ideas:

- As características psicoevolutivas do alumnado, dende un punto de vista xeral e en relación coa psicoloxía da música.
- A evolución corporal e psíquica que o alumnado experimenta neste



curso.

- O modelo didáctico constructivista, así como a aprendizaxe significativa.
- A globalización, de maneira que se obvien aqueles contidos que resultan ser o tratamento doutros, ou consecuencia directa deles.
- Os coñecementos previos adquiridos por o alumnado no grao profesional.
- A carga horaria para este nivel.
- Atención á diversidade

– **Nas actividades de clase**

A elaboración da programación didáctica debe partir da consideración de que unha aprendizaxe funcional vai máis aló da mera posible futura aplicación práctica dos coñecementos adquiridos (de forma que sexa posible aproveitalos de forma inmediata e autónoma por parte do alumnado), senón que poidan ser empregados cara á adquisición doutras aprendizaxes diferentes aos propios da trompa, ben referidos a outras materias ou ben á súa formación xeral.

– **Con relación á materia**

Tratarase a funcionalidade dos seus contidos, considerando as relacións entre eles, de forma que o alumnado necesite utilizar o xa aprendido para interiorizar os que se estean tratando nese momento. Será fundamental en todo momento partir das aprendizaxes adquiridas durante cursos anteriores, facendo fincapé nos seus anteriores coñecementos, facilitando a adquisición autónoma das aprendizaxes.

– **Con relación ao resto de materias**

Para elaborar este punto, retomarase o xa exposto sobre as relacións interdisciplinares, pero considerando agora a relación da materia coas que cursará nos cursos seguintes, partindo do nivel escollido. Unha vez comentadas as súas particularidades en liñas xerais, buscaranse contidos concretos presentes no currículo desas materias, e estableceranse relacións directas entre os contidos futuros a tratar en devanditas materias e os tratados na programación didáctica.



– **O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**

Esta programación contempla un tratamento xeral do alumnado con necesidades educativas específicas. Trátase dos alumnos estranxeiros, dos superdotados e dos que posúan necesidades educativas especiais, sexan discapacidades físicas ou psíquicas.

– **Superdotación intelectual**

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Xa que logo, xunto ás necesidades educativas dos superdotados habemos de engadir as daqueles individuos do grupo que teñan talento musical.

Ao tratar a formación musical en superdotados/as hai que ter en conta que se fai necesaria unha explicación que poida parecer lóxica e coherente para as actividades a

realizar. A capacidade intelectual do individuo pídelle continuamente a xustificación do porqué efectúase un exercicio que, aparentemente, non teñen ningún fundamento teórico; isto é algo habitual nun curso no que os contidos procedimentais priman sobre os conceptuais. Poñamos por caso o concepto de pulsación: non basta unha definición, senón unha práctica directa. Facer ver ao alumnado superdotado/a que o fundamento do exercicio é a apreensión práctica do concepto, axúdalle na súa práctica, vencendo o retraimento que posúen, ademais de favorecer a súa integración no grupo. Por outra banda, a súa afección ás cuestións de índole intelectualista oríentalles facilmente cara á lectura musical e a audición de obras, o que completará a súa formación de xeito evidente e obvia.

Faise necesario elaborar un programa específico con este alumnado, con maior atención ás súas necesidades, pero á vez facéndolle participar nas actividades colectivas que se realicen. A superdotación intelectual non significa unha superdotación no terreo da interpretación.

– **Superdotados instrumentais.**

Os suxeitos superdotados poderán progresar máis rapidamente nos seus estudos. No



entanto, para o acceso aos estudos superiores requírese unha idade mínima de acceso, polo que ata non cumprida esa idade, o alumnado poderá seguir no centro, tendo unha moi especial atención aos seus progresos.

Temas transversais

– Educación en valores

Durante todo o traballo do curso teremos en conta temas transversais á hora de realizar as actividades programadas. Ditos temas transversais son:

– Educación moral e cívica.

Para traballar e fomentar a participación en actividades de grupo é idónea a expresión musical.

Mediante a interpretación vocal, instrumental e a danza, fomentarase a relación entre os compañeiros/as, así coma o respecto coas distintas formas de expresión destes/as ou os distintos xéneros e estilos musicais que se interpretan.

Mediante a audición de manifestacións musicais doutras sociedades, culturas e épocas, favorécese tamén o respecto e a apertura do alumnado a outros tipos de expresións.

– Educación para a paz.

Este é un dos temas nos que a música pode contribuir de forma máis destacable. Así, dende a expresión musical (vocal, instrumental, e movemento e danza) o alumnado pode formarse unha idea máis axustada dun mesmo e das súas posibilidades, e a partir desta nova realidade pode valorar o seu esforzo de superación. Do mesmo xeito, as actividades de expresión permiten relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes cos seus compañeiros, recoñecendo e valorando as diferencias e rechazando as discriminacións. A música na sociedade permite ó alumnado coñecer o patrimonio musical e a diversidade de manifestacións coma un dereito dos pobos que se ten que respetar e coñecer.



– **Educación ambiental.**

Un dos aspectos fundamentais para a música é a necesidade do silencio como condición previa á música. Este aspecto será traballado tanto nas materias individuais coma nas colectivas e será sempre condición previa indispensable para entender a audición ou a práctica musical. O silencio é tamén un elemento de calidade de vida, polo que se analizarán as situacións de uso indiscriminado da música e da contaminación acústica dos nosos espazos.

– **Educación para a saúde.**

O feito de que o alumnado coñeza o funcionamento do seu propio corpo así como traballar a hixiene corporal, axuda ao alumnado a facer un uso correcto do seu corpo co fin de prever enfermidades graves, e este é un dos aspectos básicos da educación para a saúde que se traballan dentro da expresión musical. Utilizarase o traballo en grupo para favorecer as relacións interpersonais do alumnado e aumentar así o seu nivel de autoestima.

Estos aspectos traballaranse mellor a través da práctica vocal e instrumental, pero sobre todo na interpretación en grupo nas asignaturas colectivas.

– **Educación para a igualdade de sexos.**

Dentro do recorrido histórico polos compositores e obras da historia da música, darase relieve ó papel da muller, destacando as principias compositoras e interpretes en relación coa súa contribución coa música.

– **Educación do consumidor.**

Este aspecto é o máis importante e quizais o máis difícil de fomentar no alumnado. Abrir o abanico de estilos e xéneros musicais dos alumnos e potenciar o espírito crítico na audición de diferentes interpretacións.

O análisis da utilización da música nos medios de información, a radio, a televisión, pero sobre todo en internet, (no que o exceso de información pode desembocar a un consumo desmedido) aportará ó alumnado os criterios básicos para analizar e valorar o que ve e escoita.

– **Educación para a democracia.**

A participación de todos na construción dun ben común é unha realidade dentro



do traballo en grupo que se leva a cabo nas materias colectivas, así coma nos conxuntos instrumentais, a música de cámara e a orquesta. Coa expresión musical o alumno participa activamente na elaboración e preparación de pezas musicais ou na organización de audicións, co que se fomenta a implicación no traballo a realizar, así coma as actitudes de respecto e tolerancia dos demais.

– **Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición do profesorado e do alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca-fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música:

Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes.

Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltaránse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar

Consideraranse actividades complementarias aquelas nas que o alumnado ten a obriga de asistir, tales como: audicións dentro do horario lectivo do alumnado, asistencia a conferencias, concertos, ou outras actividades que o profesor considere de proveito para o alumnado.

As actividades extraescolares son aquelas nas cales o alumnado acode de xeito



voluntario (no caso dos menores de idade con xustificante dos país/nais), e que poden ser saídas do centro a ensaios ou concertos de orquestras, solistas, grupos de cámara, asistencia a cursiños organizados por o centro pero fóra do horario lectivo do alumnado, etc...

Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase como mínimo una hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Nesta valoración incluíranse os obxectivos non acadados de cada una das especialidades, así como as posibles adaptacións curriculares que haxa que realizar.

O Seguimento da Programación realizarase, como mínimo, unha vez ao mes nas reunións de Departamento no que será un dos puntos do día de ditas reunións.

Para a realización da **Homoxeneización**, antes de entregar a Programación, os/as profesores/as da mesma asignatura acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflexado na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de **Calibración** realizarase naqueles casos nos que existan mais dun/ha profesor/a por asignatura e mesmo nivel educativo:

Nas especialidades teóricas, os/as profesores/as da mesma asignatura e nivel educativo poderán concretar todo o referente ao sistema de corrección das diferentes probas a realizar; os resultados das mesmas poderanse analizar nas Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación para comprobar o correcto funcionamento do procedemento.

Nas especialidades instrumentais, os/as diferentes profesores/as comunicarán con tempo suficiente as datas das Audicións, Probas de Aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da Calibración. A posta en común dos resultados, conclusións, axustes... poderán levarse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Neste apartado realizarase unha pequena análise do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo como son: alumnado con incorporación tardía o sistema educativo español, alumnado con altas capacidades intelectuais, e alumnado con necesidades educativas especiais.

Incorporación tardía o sistema educativo español

Os principais problemas os que se refire este apartado son a comprensión do idioma e as tradicións propias da súa cultura. O papel do profesor será un papel integrador coidando en todo caso que as actividades plantexadas respondan a este principio en todo momento, aproveitando o máximo as capacidades de cada alumno en canto os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo.

Alumnado con altas capacidades intelectuais

Defínese este alumnado como aquel que posúe:

- Unha capacidade intelectual superior á media.
- Un alto grao de creatividade, capaz de producir contidos mentais novos ou sorprendentes.
- Alto grao de motivación e perseveranza.

O Real Decreto 943/2003 regula as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos con altas capacidades intelectuais. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade de tempo establecido con carácter xeral.

Alumnado con necesidades educativas especiais

Tratase de persoas que presentan algún tipo de discapacidade, por o que poden precisar dunha adecuación dos elementos do currículo ou dunha adaptación dos recursos materiais. As axudas técnicas que con maior frecuencia require este alumnado son:

Eliminación de barreiras arquitectónicas, co fin de posibilitar o acceso a todos os espazos do centro escolar.



Mobiliario adaptado, que permita facilitar o control postural do alumnado e acomodación funcional para o traballo na clase.

Materias escolares adaptados: bases antideslizantes, apoiadores, correas, etc...

Ademais de outros como as tecnoloxías de información e comunicación, así coma recursos que deben aparecer no PEC do centro para axudar na labor docente do profesor.

Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións de departamento, e con máis enfase ao remate de cada trimestre, valorarase o funcionamento interno de dito órgano en función dos datos obxectivos recollidos por o mesmo.

Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para dita valoración, pero é fundamental recoller os datos e opinións de cada profesor e reflexalos nas actas de departamento, con respecto a:

- Dificultades do profesorado ao longo do curso.
- Posibilidades de materiais para mercar por o centro.
- Nivel académico e de motivación do alumnado.
- Traballo axeitado do xefe/a de departamento á hora de informar dos acordos tomados nas CCP e outras posibles reunións.

ANEXOS

PROBA DE ACCESO A 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- Calqueira acompañamento correrá a cargo do/a aspirante.
- O/a aspirante deberá consultar na programación a proba de acceso ao seu instrumento, así mesmo, deberá consultar tamén as demais programacións do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba.
- En todas as probas de acceso a grao profesional interpretaranse tres obras, sendo como mínimo, unha delas de memoria. As obras son orientativas e interpretaranse con acompañamento de piano, outros instrumentos, Cd, Midi, Mp3, etc, se ditas



pezas o requiren.

- A proba ponderarase cunha nota de 0 a 10.

Contidos

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Obtención dunha correcta posición corporal coa Trompa.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son e da afinación, no rexistro Do grave a Sol 3. (sol da 5ª liña en clave de sol)
- Desenrolo da emisión do son, relacionandoa cunha correcta embocadura e unha boa respiración.
- Dominio axeitado da dixitación e articulación no rexistro programado para este nivel.
- Adecuación da dinámica, diferenciando os matices: p, mf, f, cresc e dim.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos. (Neste nivel serán intervalos de 3ª M e m, de 4ª M e m, e de 5ª ligados e picados)
- Adestramento permanente e progresivo da memoria e da afinación.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.).

Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos.
- Interpretar de memoria obras do repertorio, de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando



capacidade comunicativa e calidade artística.

- Presentar unha boa calidade da sonoridade, amosando precisión nos ataques e control da tesitura empregada nas obras.

Os criterios de cualificación a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 50% (Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro).

Estéticos: 50% (Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística).

Repertorio

O repertorio orientativo está indicado na programación de 4º de Grao Elemental deste conservatorio, ver repertorio:

Concerto en Si b MJ D. Skroup

Romance Op. 36.....C.Saint-Saëns

The Hunt..... J. Ployhar.

Unha das 6 pezas melódicas...Ch.Gounod.

En IrlandeE.Bozza.

In concert (Unha das pezas).....P.Lawrence.

PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS

2º curso de Grao Elemental

- Calqueira acompañamento correrá a cargo do aspirante.
- O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba.
- A proba ponderarase cunha nota de 1 a 10.

Exame

Programa a presentar na proba:

- Interpretación coa Trompa, de dúas obras de libre elección e un fragmento musical de unha obra ou exercicio a 1ª vista proposto polo tribunal. (As obras deben ser axeitadas ao nivel deste curso).
- Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así



como os coñecementos de linguaxe musical.

Contidos

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Obtención dunha correcta posición corporal coa Trompa.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son e da afinación, no rexistro Do 1 (Do cunha liña adicional en clave de sol) a Do 2. (Do do 3º espazo en clave de sol)
- Desenrolo da emisión do son, relacionandoa cunha correcta embocadura e unha boa respiración.
- Dominio axeitado da dixitación e articulación no rexistro programado para este nivel.
- Adecuación da dinámica, diferenciando os matices: p e mf.
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos. (Neste nivel serán intervalos de 2ª M e m, ligados e picados)
- Adestramento permanente e progresivo da memoria e da afinación.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc).

Criterios de avaliación

- Amosar unha correcta técnica básica: correcta posición corporal coa Trompa, relaxación corporal, boa posición da embocadura, etc.
- Coñecer e ser conscientes en todo momento do que se está tocando.
- Interpretar as obras con seguridade e control da situación de acordo cos criterios de estilo correspondente empregando o tempo, dinámica, agónica, afinación, fraseo, articulacións e dixitacións correctas.
